

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE XUÑO DE 2010, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO-URXENTE

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros	D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
	D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D ^a . ANA BELÉN PICÓN COTOS
	D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a : MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D ^a : M ^a . JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
	D ^a . XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA
Escusa asistencia	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as trece horas e cinco minutos do día vinte e nove de xuño de dous mil dez, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión EXTRAORDINARIA-URXENTE o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.


Declarado aberto o acto pola Presidencia declárase a urxencia dos asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

PUNTO ÚNICO: Acordo, se procede, sobre modificación da ordenanza fiscal nº 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI)

Dáse conta da comunicación da Xerencia Territorial do Catastro de Galicia - A Coruña na que con motivo da próxima notificación ós cidadáns dos novos valores catastrais resultantes do procedemento de valoración colectiva de carácter xeral que se está a levar a cabo neste concello, solicitan de acordo co establecido no artigo 76.2 e na Disposición Transitoria decimooitava do TRLFL a aprobación dos tipos de gravame do IBI tanto para os bens urbanos como para os rústicos para o ano 2011, así como o coeficiente de redución da base impoñible nas construcións ubicadas en solo de natureza rústica do concello.

Por parte do Sr. Secretario dánse unha serie de datos facilitados pola Xerencia do Catastro, e da recomendación de igualar os tipos impositivos para os bens urbanos e rústicos, dado que tendo en conta o planeamento urbanístico dar-



íanse agravios comparativos entre veciños situados en núcleo e diseminado, e que o incremento nos recibos será gradual, supoñendo en xeral unha subida anual do 5% sempre que se manteñan os tipos de gravame na ordenanza, pois, segundo eles, se se baixa o tipo a recadación total podería incluso baixar cos novos valores catastrais

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que na Ponencia de Valores establécese que a diferenza do valor catastral co valor de mercado é do 23%, e dado ademais que as vivendas situadas en núcleo tributarán como urbano, o incremento estimabase que sería importante

Non obstante en tendo en conta as explicación da Xerencia do Catastro no sentido de que as vivendas situadas en núcleo terán unha bonificación durante uns anos e a subida non vai a ser tan brusca, está de acordo con manter os tipos de gravame na ordenanza

O Sr. Alvela de TEGA di que tamén está de acordo con manter os tipos impositivos tendo en conta os novos datos facilitados, e se efectivamente ese incremento se vai efectuar de xeito gradual, tendo en conta ademais que á última revisión do valores catrastais se fixo xa fai bastante tempo

O Sr. Martínez do PP di que como xa expuxo na Comisión Informativa de Economía a súa postura sería a de manter os tipos sempre que esa fose a postura dos restantes grupos municipais

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE di que as subidas son progresivas e que a redución para as vivendas situadas en núcleo rural é importante. En canto ás bonificacións dos inmobles situados en solo rústico é a mínima establecida pola lei (0,5)

Dona Xosefina R. Guitián di que ten dúbidas sobre da subida indicada, por iso quere deixar constancia de que unha vez que sexan notificados os novos valores catastrais, se o incremento é importante solicitará a baixada no tipo de gravame a aplicar para o vindeiro ano

O Sr. Martínez súmase ó exposto pola voceira do BNG

O Sr. Sánchez di que tamén quere deixar constancia de que a citada modificación afectará á nova corporación que se constitúa despois das vindeiras eleccións locais, e polo tanto e dado que o asunto é moi serio o seu grupo sempre foi partidario de acadar unha unanimidade entre todos os grupos

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo 13 da ordenanza fiscal num. 1 , reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles (IBI), quedando redactado do seguinte xeito:

Artigo 13º.- Tipo de gravame

- a) Bens inmobles de natureza urbana: 0,44%
- b) Bens inmobles de natureza rústica: 0,44 por cento.



c) Bens inmuebles de características especiais: 1,3 por cento.

2º.- Darlle ó expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante a exposición do mesmo no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas

3º.- Considerar, no suposto de que non se presenten reclamacións ó expediente, no prazo anteriormente indicado, que o acordo é definitivo de acordo co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo da Lei Reguladora das Facendas Locais

SEGUNDO.- Ós inmuebles rústicos valorados conforme á Disposición Transitoria Primeira da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado por R.D.L 1/2004, do 5 de marzo, aplicaráselle un coeficiente de redución da base imponible do 0,5, de acordo co establecido na Disposición Transitoria Decimooitava do R.D.L 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Conclúe ó fio das trece horas e vinte e cinco minutos

